


# CONCURSO COCA COLA NOVOS TALENTOS DE RELATO CURTO

## 13 ANOS FOMENTANDO A CREATIVIDADE ENTRE RAPAZAS E RAPACES

Se unha páxina en branco significa para ti unha infinidade de historias e ideas que plasmar, seguro que tes moito que contar. E nós temos moito que escoitar!



Na 13ª edición do Concurso en Galego de Novos Talentos de Relato Curto da Fundación Coca-Cola non lle queremos poñer límites á imaxinación. É o momento de abrazar a páxina en branco como a oportunidade de crecer, de contar novas historias e afrontar calquera reto. Imos descubrir novas maneiras de desenvolver o talento dos nosos rapaces e das nosas rapazas e axudarlles a desenvolver competencias que empezarán a orientar as súas preferencias profesionais. E desde a escritura, contribuír á creación dun mundo máis sustentable, xusto e inclusivo, un mundo mellor!

A 13ª edición do Concurso Coca-Cola Novos talentos de Relato Curto é unha das colaboracións coa Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política lingüística.

Se es profesor ou profesora, non dubides en apuntar o teu alumnado ao Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto.

As probas realizaranse simultaneamente o mesmo día e á mesma hora. O día da proba escrita, os rapaces e as rapazas desenvolverán o seu talento a partir dun estímulo creativo que será secreto ata ese mesmo momento.





**DIRIXIDO A:**

Alumnado de 2º da ESO

**REALIZARASE:**

De forma dixital, o día 10 de marzo de 2022

**INSCRICIÓNS, TERMOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:**

As inscricións realizaranse en liña e os termos e condicións de participación, así como as datas límite de inscrición e información actualizada, figuran na web:

<https://concursojovenestalentos.typeform.com/to/ur9RJdOx?typeform-source=www.fundacioncocacola.com>



## NOVIDADES:

- Nesta 13ª edición, ampliamos o número de participantes por clase a 5 alumnos ou alumnas.
- Os centros participantes poden ser os artífices do estímulo creativo do concurso, a partir da redacción dun escrito colaborativo. A participación nesta fase é voluntaria e non supón ningún prexuízo ou beneficio á hora de elixir os relatos gañadores.

**Cal é a temática desta edición?** Propoñémosvos que realicedes na clase un exercicio de escritura colaborativa para construídes **un microrrelato que estea localizado no futuro**, en calquera momento **a partir de 2050** (tanto pode ser 2051, como 2850). Un reto para a imaxinación.

Será un **texto literario**, non unha redacción ou un ensaio. A súa lonxitude non debe superar as **300 palabras** (admitiranse 2 escritos por centro).




Como na anterior edición, un comité experto da Xunta de Galicia seleccionará o relato gañador, que será interpretado por un ilustrador ou ilustradora para ser o estímulo creativo desta edición.

### Como podes subir o teu microrrelato?

A través de <https://www.plataformajovenestalentos.com>

### PREMIOS

Nesta edición entregaremos un premio por provincia e a persoa gañadora da Comunidade Autónoma poderá vivir o Programa de inmersión creativa (Experiencia Coca-Cola) con actividades formativas e culturais exclusivas.



## **E PARA O PROFESORADO**

Programa de aulas dixitais para docentes, consistente en: obradoiro de escritura creativa, obradoiro sobre capacitación dixital docente e encontro dixital cun autor ou cunha autora, que inclúe o material didáctico correspondente. Este programa realizarase a través da plataforma zoom.

Agardámosvos!

**SE QUERES RECIBIR MÁIS INFORMACIÓN OU REALIZAR ALGUNHA CONSULTA**

Podes contactar no correo electrónico ou no teléfono móbil:

[concursojovenestalentos.galicia@gmail.com](mailto:concursojovenestalentos.galicia@gmail.com)

Móbil: 674 045 489

